



Zeltia Burgos Tortosa, Secretaria Nacional de CIG Autonomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións Soto Concedería Educación Edificio Administrativo San Caetano 15771 Santiago de Compostela, e no enderezo de correo electrónico [autonomica@cigadmon.gal](mailto:autonomica@cigadmon.gal)., presento as seguintes,

**ALEGACIÓNS Á PROPOSTA DE ACORDO SOBRE AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS AXENTES FORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS E A PROPOSTA DE Orde do..... de 2018 pola que se establece o réxime de prestación de servizos das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais (4.07.2018)**

Para a CIG a proposta de regulación que se nos propón é insuficiente no que se refire as cuestións xa reiteradas nas mesas como a falla de regulación da segunda actividade, a flexibilización para permitir a conciliación, a suba do complemento específico, a redución horaria ou o estudo dos coeficientes redutores para a xubilación anticipada sempre dentro do mesmo marco actual de traballo.

Neste momento se nos presenta unha proposta dende a Dirección Xeral de Función Pública que **cambia considerablemente o marco actual de traballo**, establecendo quendas fixas diarias e dispoñibilidades nocturnas e alongamentos de xornadas. Non se reduce o excesivo horario das quendas que son de ata 12 horas de traballo efectivo no medio, nin o numero de festivos anuais. Porén si que continua coa existencia dun dobre "cuadrante" ou sistema de traballo de ordinario e extraordinario que pode ser modificado a vontade da administración e que tamén pode activarse un ou outro apenas con 48 horas de antelación.

A regulación destes cuadrantes non é clara entre as diferentes consellerías, No caso da que ten conservación da natureza é mais opaca incluso percibindo a posibilidade de non activar ou activalo por fraccións e tamén en función dunha chamada "mobilidade funcional". Esta mobilidade no caso do persoal de conservación da natureza é obrigatoria de cara a traballar na extinción de incendios e voluntaria á inversa, marcando diferenzas de trato na mesma escala de funcionarios/as.

Por as quendas de noite en período ordinario como de dispoñibilidade nocturna, incluso nas quendas de fin de semana, non ten sentido nin é efectivo de cara as funcións habituais, de igual xeito a quenda nocturna no servizo de Conservación da natureza e un despropósito posto que non se poderían realizar labores de vixilancia e esperas para poder paliar o furtivismo. Recordamos que a quenda de dispoñibilidade horaria computa en todo momento como tempo efectivo de traballo, aumentando así o número de horas anuais, aínda que intuimos que para non facelo ou minimizalo se propón un inintelixible sistema de compensación de 2 h por xornada.

Defínense erroneamente ou non se definen os horarios para os comezos e remates de quenda.

Desaparece a obriga de proporcionar un descanso semanal continuado de 48h, os 10 días n. actuais de compensación por horario a quendas agora aparecen vinculados ao período extraordinario e se planea que se van a retraer segundo "cumprimento".

Os **permisos e licenzas** aos que este persoal ten dereito e que veñen regulados pola Lei de Emprego Público da Galicia e o EBEP quedan, con esta proposta, en suspenso xa que no texto di que serán "modulados" sen especificar a que se refire.

Bótanse "balóns fora" e **non se entra a regular a segunda actividade** facendo referencia ao acordo de bombeiros forestais e a que teñen que ser regulados por lei . Ao tempo se hai algún/ha axente que por razón de idade e saúde ve mermadas as súas capacidades e ten unha adaptación ou restrición de algunha función do traballo ou xornada, vaise castigar a nivel salarial, e iso si que se regula. Que alguén non poda facer noites por unha cuestión de saúde non quere dicir que non poda facer o resto das súas funcións. Polo que, dende a CIG rexeitamos esta forma de actuar e recordamos que moitas das alteracións de saúde deste persoal veñen derivadas da especial responsabilidade, da penosidade, nocturnidade, turnicidade e toxicidade ao que leva anos sometido. Reiteramos a necesidade do estudo dos **coeficientes redutores para a xubilación anticipada** en base a estas cuestións e non admitimos castigos nin discriminacións por razón de saúde.

A nivel salarial si se contempla unha suba de niveis en 4 anos pero non se fai ningún aporte para subir o complemento específico e retribuír a especial responsabilidade, turnicidade, penosidade, nocturnidade e toxicidade como demandou a CIG.

Prevese unha ridícula suba no complemento de produtividade de 153 euros, que ata de agora estaba vinculado por períodos completos ao período extraordinario e sobre o que se pretende establecer unha produtividade reactiva, no que aos *405 euros mensuais* totais se lle van retraendo en función as efectivas sen definir os casos admisibles ou a súa cantidade.

Porén estas medidas retributivas se ven condicionadas no texto proposto tanto pola entrada en vigor das normas orzamentarias como pola aplicación do II Acordo estatal, que non asinou a CIG, co que iría a cargo dos fondos adicionais (aptado 1º), sen ningún compromiso serio por parte da Xunta de Galiza, nin presuposto máximo en coherencia co resto do persoal empregado público.

As **vacacións** anuais desléixanse tamén e obrigando con esta proposta a coller por días hábiles consecutivos unha rebaixa de dereitos inadmisibile a día de hoxe e discriminatoria e inxustificable en relación ao resto do persoal público. Non se regulan nin xustifican os servizos ou as necesidades pola que se deban por en cuestión.

Se facemos unha valoración conxunta de todo o que se nos presenta, dende a Confederación Intersindical Galega temos que tachar de **abusiva, discriminatoria e fortemente regresiva** a proposta de Acordo e orde. Destacar que o único avance é a suba de niveis, unha pequena suba económica pola que se pretende xustificar a carga de traballo e o exceso horario.

En cambio, a perda de dereitos para o persoal é asombrosa, a falla de conciliación persoal e laboral, que a día de hoxe era complicadísima, se ve agora completamente imposibilitada, xa que ninguén pode saber sobre seguro cómo e cando traballa dunha semana para outra. A posibilidade de conciliación laboral e familiar nin se contempla.

Ao tempo que se xustifica unha carga de traballo a nova forma de ordenación de quendas, a publicidade dos cuadrantes a publicación do sistema de traballo e compensacións nunha orde, a falta de persoal xeneralizada a partir das 20h en grande parte do ano deixa claro que **a intención de desmantelar o servizo público de xestión, vixilancia e control do medio natural e forestal** e so se atende a posibilidade de traballo na coordinación DTE na extinción de incendios forestais, unicamente xa que as BIIF nin se nomean. Un desmantelamento deste servizo público de competencia exclusiva da Xunta de Galicia inadmisíbel para a CIG.


Polo que, dende a CIG, **rexeitamos esta proposta na súa totalidade** e remitímonos as primeiras achegas (16.11.2017) e segundas achegas (24.03.2018) presentadas perante propostas anteriores e,

### **SOLICITO:**

A actividade negociadora seria e efectiva, destacando que estamos abertas a valorar outro tipo de propostas diferentes para intentar avanzar mentres non haxa un retroceso nos dereitos laborais destes funcionarios e funcionarias da Xunta de Galicia.

Xunto as achegas anteriores para o seu coñecemento.

Santiago de Compostela, 10-de xullo de 2018



**DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

San Caetano s/n

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**